

Á atención dos Profesores de Química de 2º de bacharelato, información para todo o Seminario de Química do Centro.

A Coruña, 26 de marzo de 2010

Prezados colegas, como directora do grupo de traballo de Química, e no nome de todo o grupo, enviamos esta circular para informaros de que este ano, nos exercicios de Química das PAU, os datos de presión e da constante dos gases ideais daranse tanto en atmosferas coma en kPa, xa que algúns de vos empregades as unidades do SI para a presión. Obviamente, calquera das dúas unidades poderase empregar para resolver o exercicio.

A continuación mostrase un exemplo:

3. O cloro obtense no laboratorio segundo a seguinte reacción: $\text{MnO}_{2(s)} + 4\text{HCl}_{(aq)} \rightarrow \text{MnCl}_{2(aq)} + 2\text{H}_2\text{O}_{(aq)} + \text{Cl}_{2(g)}$; calcule:

3.1. Os gramos de cada reactivo necesarios para obter 10 L de cloro medido a 15º C e 0,89 atm (90,16 kPa)

3.2. O volume de ácido clorhídrico 0,60 M necesario para iso.

Datos: $R=0,082 \text{ atm}\cdot\text{L}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$ ó $R=8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$

Recibide un cordial saúdo de todo o grupo de traballo.

A directora
Purificación López Mahía